A Deputación de Pontevedra ten un servizo de Asesoría Xurídica, que afronta una media anual de 45 procesos, contando con único letrado habilitado para a súa personación perante os xulgados e Tribunais, o que inclúe, ocasionalmente, o desprazamento a diferentes órganos xudiciais da Provincia, ao TSX de Galicia, e incluso ao Tribunal Supremo.

A dificultade que pode ocasionar a existencia dun gran volume de traballo nun momento concreto, deriva na necesidade de ter que acudir en ocasións á contratación externa, especialmente en temas referentes ao ámbito laboral, complexos ou voluminosos, e ao ámbito patrimonial, con materias multidisciplinares e de gran volume.

Para cubrir dita necesidade de reforzo, en decembro de 2020, a Deputación subscribiu o Acordo marco para a contratación do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra no eido de recursos humanos, emprego público e Patrimonio, cun prazo de duración dun ano, e a posibilidade de tres prórrogas anuais.

Ante a proximidade do vencemento da última prórroga, con data 4 de xuño de 2024, a deputada delegada da área de Infraestruturas, Mobilidade e Contratación, xunto co xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e a xefa do servizo de Recursos Humanos e Formación, emite informe no que propón a contratación dun novo Acordo marco para a contratación do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra no eido de recursos humanos, emprego público e Patrimonio.



Mediante escrito de data 19 de xullo de 2024 (Rexistro entrada 2024011935, de 22/07/2024, o Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento solicita a adhesión a dito acordo marco, dado o considerable volume de demandas xudiciais en materia laboral que rexistra nos últimos anos, motivadas polo cambio de modelo de xestión do servizo de intervención en emerxencias e salvamento á xestión directa, mediante efectivos de persoal propio do Consorcio, coa subrogación do persoal de intervención, derivado da sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Tendo en conta que, con data 10 de xuño de 2024, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun acordo marco administrativo de servizo. O procedemento a aplicar é o procedemento restrinxido, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. A versión definitiva do documento asínase con data 18 de setembro de 2024.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 10 de xuño de 2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 21 de xuño de 2024.

Visto que, con data 25 de xuño de 2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 18 de setembro de 2024, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllese un criterio avaliable mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Ademais, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.”

Visto que con data 12 de xuño de 2024, a Intervención emite documentos de retención de crédito de crédito para exercicios futuros números 202400130894 e 202400130891, polo importe de 35.500,00 € cada un, con cargo ás aplicacións 921.9200.226.04 e 922.9330.226.04, respectivamente.



Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta o artigo 100.3 da LCSP, segundo o cal con carácter previo á tramitación dun acordo marco non é necesario aprobar un orzamento base de licitación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a tramitación anticipada da contratación, mediante procedemento restrinxido, do “*Acordo marco do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e patrimonio*”.

O Acordo Marco concluírase cunha única empresa, e fixará todos os termos, condicións e prezos unitarios que rexerán os contratos derivados que se podan adxudicar durante a súa vixencia, sen nova licitación. A contía total dos servizos que se vaian a prestar ao abeiro deste Acordo Marco non se pode definir con exactitude ao tempo de celebralo, por estar subordinada ás necesidades da Administración.

O prazo de duración será de un ano, desde o 1 de xaneiro de 2025, o desde a data de formalización do contrato, no caso de que sexa posterior. Establecese a posibilidade de tres prórrogas anuais.



Sen prexuízo da duración indicada, unha vez finalizado o período de execución inicial, ou o de prórroga, no seu caso, as ou os adxudicatarios continuarán a prestación dos servizos encargados, sen dereito a percibir cantidade adicional ningunha polo devandito concepto, ata a obtención da resolución xudicial que ultime os procesos iniciados.

O valor máximo estimado é de 434.049,61 € (305.123,98 € para Deputación e 128.925,63 € para Consorcio).

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: AZESQXQRPXOI1V8B) e de prescricións técnicas (CSV: 9FEALR0PS9UBMOBR) que rexerán dita contratación.

3.- Delegar na Mesa de Contratación, conforme ao artigo 326.2.e) da LCSP, as facultades para a selección dos candidatos a participar no procedemento restrinxido.

4.- As obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra, e para o Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, serán as que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro do acordo marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do acordo marco.

A efectos informativos, establécese un orzamento máximo (incluído o IVE) para a Deputación de Pontevedra de 71.000,00 €, e de 30.000,00 € para o Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, que financiarase conforme ao seguinte:

Aplicacións orzamentarias Deputación de Pontevedra:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/921.9200.226.04	35.500,00 €
2025	25/922.9330.226.04	35.500,00 €

Aplicacións orzamentarias Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	9200.226.04	30.000,00 €

Respecto á Deputación, poderá redistribuírse o importe entre as distintas aplicacións en función das necesidades reais, limitado polas disponibilidades orzamentarias e respectando o importe total do acordo marco.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente acordo marco para o ano 2025 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na/s correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación dos respectivos orzamentos.



5.- Nomear responsables do contrato a Pablo Montero Carrera, xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, respecto aos servizos prestados no eido de patrimonio, e a María Jesús Torres Peón, xefa do servizo de Recursos Humanos e Formación, respecto aos servizos prestados no eido de recursos humanos e emprego público.

Nos servizos prestados para o Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, será responsable do contrato a Xerencia do Consorcio.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de solicitudes de participación no procedemento restrinxido que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde a publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, unha vez que se seleccionen as persoas candidatas que deban pasar á seguinte fase, se lles convidará a presentar proposicións, concedéndolles un prazo de presentación de ofertas que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data do envío da invitación.

7.34216.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DE “DESEÑO, SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME ALUGUER E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS LUMÍNICOS ORNAMENTAIS PARA A CAMPAÑA DE NADAL EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2022024852)

Na sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou os tres lotes do contrato de “*Deseño, subministración en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*” á empresa *Geno Decoraciones y Montajes SL* (CIF: B36820330), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte para cada un dos lotes:

- Lote 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo

Prezo sen IVE:	24.834,80 €
IVE (21%):	5.215,31 €
Prezo total:	30.050,11 €

- Lote 2: Palacete das Mendoza, Castelo de Soutomaior e Castelo de Sobroso

Prezo sen IVE:	56.698,78 €
IVE (21%):	11.906,74 €
Prezo total:	68.605,52 €



- Lote 3: Centro Infantil, Centro infanto-xuvenil Escola Fogar, Centro infanto-xuvenil Agarimo, acceso e avenida principal do CIPF

Prezo sen IVE:	15.641,60 €
IVE (21%):	3.284,74 €
Prezo total:	18.926,34 €

O contrato formalizouse en documento administrativo para cada un dos tres lotes, de data 18 de outubro de 2022, sendo o prazo de duración dun ano contado dende a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas dunha anualidade de duración cada unha.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 06 de outubro de 2023, a primeira prórroga do contrato de “*Deseño, subministración en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*”, dende o 19 de outubro do 2023 ata o 18 de outubro do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 4 e 9 de xullo de 2024 e 12 de setembro de 2024, as responsables dos contratos de cada un dos lotes emiten informes no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 19 de outubro do 2024 ata o 18 de outubro do 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do lote 1 e 3 do contrato en data 4 de xullo de 2024 (data de comparecencia: 07/07/2024) e para o lote 2 en data 9 de xullo de 2024 (data de comparecencia: 09/07/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 08 de agosto do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito (CSV: 0UQKTLASYFFNTIJJ) para atender as obrigas que se deriven da prórroga deste contrato.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 17 de setembro do 2024 (CSV: Y2H6ZQFCE3WXG2X9), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes das responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de “Deseño, subministración en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra” por un ano, desde o 19 de outubro do 2024 ata o 18 de outubro do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 19 de outubro do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato para a prestación do servizo de “Deseño, subministración en réxime aluguer, e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra”, subscrito para os tres lotes coa empresa *Geno Decoraciones y Montajes SL* (CIF: B36820330), durante o período desde o 19 de outubro do 2024 ata o 18 de outubro do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Lote	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024	1	24/457.4500.227.99 - Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo (Vinculación xurídica)	30.050,11 €
	2	24/433.4320.227.99 - Palacete das Mendoza (Vinculación xurídica)	11.072,92 €
		24/433.3360.227.99 - Castelo de Soutomaior	49.977,50 €
		24/433.3363.227.99 - Castelo de Sobroso (Vinculación xurídica)	7.555,10 €
	3	24/232.2312.227.99 - Centro Príncipe Felipe (Vinculación xurídica)	18.926,34 €



8.34217.-

DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚMERO 2024007439 DE DATA 23 DE SETEMBRO DE 2024, POLA QUE SE ADXUDICOU AO REAL CLUB NÁUTICO DE SANXENXO (G36027621), O PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DA “CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DEPORTIVO DO CAMPIONATO DE EUROPA DE VELA NA CLASE 6 MR”. (Expte.2024056689)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20 de setembro de 2024, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo do “*Campionato de Europa de Vela na clase 6 mR*”, que se celebrará no *Concello de Sanxenxo* entre os días 27 de setembro ata o 5 de outubro.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta ao Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato. Dita competencia atópase delegada na base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

Considerando o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que permite aos órganos delegantes avocar para si o coñecemento dun asunto cando determinadas circunstancias fágano conveniente; precisándose que a avocación sexa motivada. Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpoñase contra a resolución do procedemento.

Con motivo da inmediata celebración do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR que se patrocina, por Resolución Presidencial número 2024007439, de data 23 de setembro de 2024, avocouse puntualmente as competencias delegadas na Xunta de Goberno como órgano de contratación e a Presidencia adxudicou ao Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621) o contrato de patrocinio deportivo do “*Campionato de Europa de Vela na clase 6 mR*”, cuxo contido literal é o seguinte:

*“O Presidente, en virtude facultades que ten atribuídas pola normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:
A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20 de setembro de 2024, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR que se celebrará no Concello de Sanxenxo entre os días 27 de setembro ata o 5 de outubro.
Tendo en conta que dito acordo trasladouse ao Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621), entidade que conta cos dereitos de exclusividade para a organización do campionato, para presentar proposición no caso de estar interesada, nun prazo de 10 días naturais contados desde o día seguinte ao envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).
Tendo en conta que en data 20/09/2024 o Real Club Náutico de Sanxenxo presentou a proposición, e unha vez examinada a documentación, resultou admitida no procedemento.*”



A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte:

<i>Importe ofertado sen IVE</i>	<i>103.305,79 €</i>
<i>IVE (21 %)</i>	<i>21.694,21 €</i>
<i>Importe ofertado con IVE</i>	<i>125.000,00 €</i>

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares co seguinte resultado:

- *Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.*

<i>ENTIDADE</i>	<i>OFERTA</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621)</i>	<i>103.305,79 €</i>	<i>0,000</i>

A empresa presentou xunto coa oferta toda a documentación necesaria e figura exenta de presentar garantía definitiva de acordo co establecido na cláusula particular 12 do prego de cláusulas económico-administrativas.

Considerando os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta ao Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato. Dita competencia atópase delegada na base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

Tendo en conta que, por motivo da inmediata celebración do evento que se patrocina, iniciándose este o día 27 de setembro de 2024, e tendo lugar a celebración da próxima sesión ordinaria da Xunta de Goberno nese mesmo día, estímase necesario avocar a competencia.

Considerando o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que permite aos órganos delegantes avocar para si o coñecemento dun asunto cando determinadas circunstancias fágano conveniente; precisándose que a avocación sexa motivada. Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpóñase contra a resolución do procedemento.



Tendo en conta o disposto no artigo 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, RESOLVO:

1.- Avocar puntualmente as competencias delegadas na Xunta de Goberno como órgano de contratación do contrato de "Patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR (2024056689)", por razóns da inmediata celebración do evento, que non permite a tramitación deste asunto na próxima Xunta de Goberno ordinaria.

2.- Adxudicar o contrato de patrocinio deportivo do Campionato de Europa de Vela na clase 6 MR ao Real Club Náutico de Sanxenxo (G36027621), polo seguinte importe ofertado:

Importe ofertado sen IVE	103.305,79 €
IVE (21 %)	21.694,21 €
Importe ofertado con IVE	125.000,00 €

O prazo de duración do contrato irá dende a formalización do contrato ata a finalización do evento, o día 05 de outubro de 2024.

O responsable do contrato será a xefatura da sección de Deportes da Deputación de Pontevedra; ou persoa en quen delegue. As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL

O prezo do contrato farase efectivo contra a presentación dunha única factura polo prezo de adxudicación do contrato.

Coa factura entregarase unha memoria detallada na que se recolla pormenorizadamente todas as accións publicitarias recollidas no prego de prescricións técnicas.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036(CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2024056689		
Órgano xestor:	LA0006118	Unidade tramitadora	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Non obstante a Xunta de Goberno resolverá.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos, significándolle que, de acordo co disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, contra este acordo que esgota a vía administrativa, pode interpor:

- Con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 44 e seguintes da citada Lei, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se notificara a adxudicación de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta da LCSP aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento.
- O recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente."

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade tomar coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2024007439 de data 23 de setembro de 2024 na que se avocou a competencia delegada na Xunta de Goberno para poder axilizar o trámite de adxudicación ao *Real Club Náutico de Sanxenxo* (G36027621), do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo do "Campionato de Europa de Vela na clase 6 mR", por un importe total, IVE incluído, de cento vinte e cinco mil euros (125.000,00 €).

9.34218.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN Nº8 DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA NOS DIFERENTES CENTROS E SEDES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, PARA CONTEMPLAR O CAMBIO DE INSTALACIÓNS DO PARQUE DE MAQUINARIA NO LOTE 1: SERVIZOS CENTRAIS. (EXPTE. 2018058000) (CONTRATACIÓN)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2020, adxudicou o contrato "servizo de limpeza dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra", adxudicando o Lote 1 (Servizos Centrais) a Limpiezas Cíes, S.L. (CIF: B-36631935), polos seguintes prezos:

Prezo a tanto alzado para dous anos de contrato (sen IVE)	1.100.000,00€
IVE (21%)	231.000,00 €
Prezo a tanto alzado para dous anos de contrato (IVE engadido)	1.331.000,00€
Prezo/hora servizos extraordinarios (sen IVE)	14,75€
IVE (21%)	3,10€
Prezo/hora servizos extraordinarios (IVE engadido)	17,85€



O contrato formalizouse en documento administrativo de data 29 de maio de 2020, establecendo un prazo de duración de dous anos, contados desde o día 1 de xuño de 2020, coa posibilidade de tres prórrogas anuais. Na actualidade atópase prorrogado ata o 31 de maio de 2025, unha vez aprobada a terceira prórroga do contrato mediante acordo do Pleno do día 26 de abril de 2024.

Visto que, ata a data, o contrato foi obxecto das seguintes modificacións:

- 1) Acordo Pleno nº 6.7507, de 30/10/2020, modificación do lote 4 (ORAL)
- 2) Acordo Xunta de Goberno nº16.29957, de 19/02/2021, modificación do lote 1 (servizos centrais)
- 3) Acordo Xunta de Goberno nº17.30536, de 09/07/2021, modificación do lote 1 (servizos centrais)
- 4) Acordo Xunta de Goberno nº9.32446, de 17/03/2023, axuste organizativo temporal do lote 1 (servizos centrais)
- 5) Acordo Xunta de Goberno nº9.33099, de 27/10/2023 modificación do lote 1 (servizos centrais).
- 6) Acordo Xunta de Goberno nº20.33519, de 23/02/2024, modificación do lote 3 (Museo de Pontevedra)
- 7) Acordo Pleno nº 3.8174, de 26/04/2024, modificación do lote 2 e prórroga (Servizo de Turismo Rías Baixas)

Despois das referidas modificacións, os prezos mensuais do lote 1 (por centros) na actualidade son os seguintes:

PAZO PROVINCIAL	
Prezo mensual (sen IVE)	12.570,08€
IVE (21%)	2.639,72€
Prezo mensual (IVE engadido)	15.209,80€
EDIFICIO ADMINISTRATIVO	
Prezo mensual (sen IVE)	6.119,74€
IVE (21%)	1.285,15€
Prezo mensual (IVE engadido)	7.404,89€
SEDE VIGO	
Prezo mensual (sen IVE)	2.791,81€
IVE (21%)	586,28€
Prezo mensual (IVE engadido)	3.378,09€
EF AREEIRO	
Prezo mensual (sen IVE)	5.471,78€
IVE (21%)	1.149,07€
Prezo mensual (IVE engadido)	6.620,85€



EDIFICIO APEROS	
Prezo mensual (sen IVE)	1.628,59€
IVE (21%)	342,00€
Prezo mensual (IVE engadido)	1.970,59€
ESCOLA CANTERIA (modif. 5)	
Prezo mensual (sen IVE)	0,00€
IVE (21%)	0,00€
Prezo mensual (IVE engadido)	0,00€
IMPRESA PROVINCIAL (modif. 4)	
Prezo mensual (sen IVE)	730,77 €
IVE (21%)	153,46 €
Prezo mensual (IVE engadido)	884,23 €
PARQUE MAQUINARIA Avda. Domingo Fontán, Pontevedra (modif. 4)	
Prezo mensual (sen IVE)	1.088,15 €
IVE (21%)	228,51 €
Prezo mensual (IVE engadido)	1.316,66 €
PARQUES COMARCAIS Lalín e Gondomar (modif. 3)	
Prezo mensual (sen IVE)	613,87 €
IVE (21%)	128,91 €
Prezo mensual (IVE engadido)	742,78 €
OFICINAS REVITALIZA	
Prezo mensual (sen IVE)	734,64€
IVE (21%)	154,27€
Prezo mensual (IVE engadido)	888,91€
ARQUIVO PROVINCIAL	
Prezo mensual (sen IVE)	3.582,53€
IVE (21%)	752,33€
Prezo mensual (IVE engadido)	4.334,86€
FINCA MOURISCADE (modif. 1)	
Prezo mensual (sen IVE)	2.494,42 €
IVE (21%)	523,83 €
Prezo mensual (IVE engadido)	3.018,25 €



VIVEIRO BARRO -MEIS	
Prezo mensual (sen IVE)	2.259,53€
IVE (21%)	474,50€
Prezo mensual (IVE engadido)	2.734,03€

CSAE BARRO -MEIS	
Prezo mensual (sen IVE)	660,55€
IVE (21%)	138,71€
Prezo mensual (IVE engadido)	799,26€

VIVEIRO LALIN	
Prezo mensual (sen IVE)	1.634,45€
IVE (21%)	343,23€
Prezo mensual (IVE engadido)	1.977,68€

Visto que a Deputación de Pontevedra trasladou o antigo Parque de Maquinaria, situado na Avda. Domingo Fontán, s/n, do concello de Pontevedra, ás novas instalacións do parque central de maquinaria situadas no Polígono de Outeda-Curro (Parcelas B-10 e B-11), no *Concello de Barro*, que o persoal adscrito ao Parque de Maquinaria está utilizando desde o 1 de xullo de 2024.

Nesta nova localización construíuse un edificio composto dun volume de dúas plantas destinado a edificio administrativo para diferentes servizos, unha nave taller e diversos espazos de almacenamento. Todos estes espazos precisan do adecuado servizo de limpeza co obxecto de mantelos libres de posibles focos de contaminación, previr condicións de insalubridade que poidan afectar ás persoas traballadoras e, considerando a importancia da dimensión ambiental da limpeza, velar polo coidado do medio ambiente levando a cabo una xestión e recollida selectiva dos residuos xerados.

As novas instalacións teñen unha superficie útil con necesidade de limpeza de 575,24 m² segundo informe emitido por este servizo en data 01/02/2023 (CSV: LLGVG46I1FF3074Q), o que supera en máis do dobre de m² a superficie útil a limpar inicialmente contratada (285,10 m²).

Visto que, con data 30 de agosto de 2024, a xefa dos servizos administrativos de infraestruturas e Vías Provinciais, xunto coa deputada delegada da área, propón a modificación do lote 1 do contrato para contemplar as novas instalacións do Parque Central de Maquinaria do polígono de Outeda-Curro (Barro).



Xunto coa proposta achega orzamento para as novas instalacións, realizado pola empresa, co seguinte retalle:

DESCRICIÓN DOS SERVIZOS Os servizos que se prestarán no Parque de Maquinara Barro Meis, abicado no 36692 Barro, consistirán en:

SERVIZOS A REALIZAR: Servizo de limpeza de oficinas:

TAREFAS A REALIZAR	FRECUENCIAS		
	DIARIO (luns a venres)	SEMANAL	MENSUAL
Barrido e/ou aspirado de pavimentos (segundo proceda polo tipo de chan).	X		
Fregado e/ou mopeado húmido de pavimentos (segundo proceda por tipo de chan).	X		
Limpeza e desempoado xeral do mobiliario (mesas, cadeiras, armarios, andeis, etc.)	X		
Desempoado do material ofimático (computadores, impresoras, fax, etc.)	X		
Limpeza e desinfección de baño con produtos hixiénico-sanitarios.	X		
Limpeza e baleirado de papeleiras	X		
Retirada de lixo e depósito nos contedores autorizados	X		
Subministración e reposición de material hixiénico en servizos e aseos	X		
Limpeza de zonas exteriores		X	
Limpeza de cristais interiores e exteriores			X

OFERTA ECONÓMICA:

Importe mensual sen IVE: 2.967,00 euros

Tendo en conta que o cambio supón un incremento no prezo mensual do Lote 1 de 2.273,41 € (1.878,85€, máis 394,56€ correspondentes ao 21% IVE), que financiaríase con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.227.00, pasando as novas instalacións do parque de maquinaria a ter o seguinte prezo mensual modificado:

PARQUE MAQUINARIA polígono Barro (modif. 8)	
Prezo mensual (sen IVE)	2.967,00 €
IVE (21%)	623,07 €
Prezo mensual (IVE engadido)	3.590,07 €



De conformidade co artigo 190 da LCSP, segundo o cal, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta, entre outras, a prerrogativa de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.

Tendo en conta o artigo 203 da LCSP, segundo o cal os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Tendo en conta que, de conformidade co artigo 204 da LCSP, a cláusula 22 do prego económico-administrativo regulador do presente contrato previu a posibilidade de modificación, establecendo o alcance, límites e natureza nos seguintes termos:

“22. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

De acordo co disposto no artigo 204 da LCSP, poderá modificarse o contrato, sendo obrigatorias estas modificacións para o contratista cando por razóns de interese público sexa necesario aumentar o reducir o servizo previsto nos pregos técnicos.

A modificación do contrato tramitarase e formalizárase nos termos previstos no artigo 203 e seguintes, no artigo 153, e publicaranse de conformidade co artigo 63 e 207 da LCSP. No expediente deberá xustificarse debidamente a necesidade polo responsable do contrato.

As cantidades establecidas para posibles modificacións e que se determinan como máximas na cláusula 3.2 “valor estimado”, son meras estimacións no caso de que se desen as causas obxectivas e a necesidade de modificar o contrato.

Non creará ningún dereito nin expectativa de negocio a favor do adxudicatario.

As causas obxectivas que poderían dar lugar á tramitación dun modificado son as seguintes:

- *Baixa ou incorporación de novas instalacións e/ou dependencias vinculadas á Deputación de Pontevedra e non incluídas no Anexo I do PPT.*
- *Variación xustificada da distribución dun espazo contemplado non ppt motivado por razóns organizativas ou funcionais, e que requira un aumento ou redución de horas do servizo de limpeza.*

O alcance do modificado conlevará incrementar ou reducir o prezo resultante de aplicar as horas necesarias para a prestación do servizo de limpeza de forma satisfactoria, tras multiplicar polo prezo por hora ofertado para os servizos extraordinarios/modificacións.

En caso de incremento deberase prestar o servizo co mínimo persoal posible e da categoría requirida pola función para desempeñar, sen que se poida incumprir as condicións do convenio do sector.



Se se incorporase novo persoal non poderá ter antigüidade.

O límite do modificado será o 20% do prezo inicial. Entendendo que nunca se poderá superar o 20% do importe mensual da factura no inicio do contrato para ese lote.

Procedimento tramitación modificado causas previstas

Informe do servizo xestor que xustifique a necesidade de modificar o contrato por darse algunhas das causas obxectivas previstas nesta cláusula..

A empresa adxudicataria, a petición da institución provincial, deberá proceder a realizar un estudo das necesidades e rendementos derivadas da limpeza da instalación/s obxecto da solicitude de informe para a tramitación da proposta de modificación no prazo de 5 días naturais.

O referido estudo deberá establecer cales son os m2 vinculados á limpeza das instalacións e os rendementos de limpeza aceptados a ditas instalacións, os cales deberán atoparse xustificadas na aplicación de rendementos reais de superficies equiparables dos servizos incluídos no plan de servizos vixente en cada momento.

A este informe sobre m2 de superficies e rendementos aplicaráselles a proposta de frecuencias demandadas pola Deputación de Pontevedra a través da persoa responsable do contrato, do que se determinará o número de horas necesarias para a realización dos servizos obxecto da modificación.

O custe final da proposta de modificación será o resultado de multiplicar o número de horas necesarias para a limpeza da ampliación proposta polo importe/hora ofertado para servizos extraordinarios ou posibles modificacións correspondente o Lote pola empresa adxudicataria.

No caso, que de forma motivada, non se este conforme co estudo exposto pola empresa en canto aos m2 e o número de horas para a modificación do contrato a Deputación resérvase o dereito de poder contratalo con outra empresa.

Modificacións sen necesidade de tramitar expediente

Os pequenos axustes organizativos internos que se leven a cabo como consecuencia das actualizacións do plan de servizos, entre os diferentes centros, servizos e/ou edificios, que non leven implícito un incremento do prezo do contrato, non serán obxecto da tramitación dun expediente modificado”

Visto que, entre as causas obxectivas que poderían dar lugar á tramitación dun modificado, polo tanto, o prego prevé a incorporación de novas instalacións e/ou dependencias vinculadas a Deputación de Pontevedra non incluídas no Anexo I do PPT, circunstancia concorrente no presente caso, ao trasladarse o antigo Parque de Maquinaria ás novas instalacións do Polígono de Barro, desde o 1 de xullo de 2024.



O cambio supón un incremento no prezo mensual do Lote 1 de 2.273,41 euros (1.878,85€, máis 394,56€ correspondentes ao 21% IVE), que financiaríase con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.227.00, pasando as novas instalacións do parque de maquinaria a ter o prezo mensual modificado de 3.590,07 € (IVE incluído).

O prezo a tanto alzado para dous anos de contrato (sen IVE), despois da totalidade de modificacións realizadas no lote 1, pasaría do importe de 1.331.000,00€ (1.100.000,00€, máis 231.000,00 € correspondente ao 21% IVE) ao importe de 1.285.303,40 € (1.062.234,21 €, máis 223.069,19 € correspondente ao 21% IVE), o que supón unha minoración do 3,43 por cento.

Esta modificación, unida ás anteriores que afectaron ao lote 1, estaría dentro do límite do 20% do prezo inicial que marca a devandita cláusula do prego administrativo e non supera o 20% do importe mensual da factura no inicio do contrato para ese lote.

Tendo en conta que a modificación deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP, e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 LCSP.

Conforme ao artigo 109.3 LCSP, a contratista deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique o acordo de modificación. Neste caso, a garantía definitiva proporcional ao prezo do contrato, tendo en conta todas as modificacións producidas no lote 1, pasaría ao importe de 53.111,71 €. Consta na Tesouraría que Limpezas Cíes, S.L. na actualidade ten constituída unha garantía definitiva por importe de 55.119,75 € (cartas de pago núm. 202000022203, de 04/02/2020, por importe de 55.000,00 € e núm. 202100034349, de 01/03/2021, por importe de 119,75 €), que cubriría sobradamente o importe do contrato.

Tendo en conta o informe do xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de 5 de setembro de 2024 (rectificado con data 20/09/2024 para emendar erro aritmético), que, coa conformidade da Secretaría Xeral, conclúe o seguinte:

“Co traslado o parque de maquinaria da Deputación de Pontevedra ás novas instalacións do polígono de Barro desde o 1 de xullo de 2024, faise necesario acometer a limpeza destes espazos, que supoñen un aumento da superficie útil a limpar inicialmente contratada (pasando de 285,10 m² a 575,24 m²).

Dita circunstancia, prevista como causa de modificación do contrato na cláusula 22 do prego administrativo regulador do Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra, motiva a necesidade de ampliar a prestación do servizo no devandito inmobile.

Polo exposto, tendo en conta o informe da responsable do contrato, e visto que a citada modificación cumpriría o alcance, límite e natureza previsto nos pregos, sen alterar en ningún caso a natureza global do contrato, considérase procedente que sexa acordada, nestes termos, polo órgano de contratación, se así o estima oportuno, e previos os preceptivos informes da Secretaría e da Intervención.”



Visto que a Intervención con data 20/09/2024 emitiu documento de complemento de retención de crédito número de operación 202400203967 polo importe de 6.820,25 €, con cargo á aplicación 24/456.4530.227.00 do vixente orzamento provincial, para atender ao gasto que supoña a presente modificación para o ano 2024. Asemade, emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros (Ej.1) complementario número de operación 202400203968 polo importe de 11.367,08 €.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 20 de setembro de 2024, coas seguintes observacións:

“(…) Na aplicación 24/456.4530.227.00, do vixente orzamento provincial, existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte ao importe do incremento para a anualidade 2024 (outubro a decembro), que ascende á 6.820,25 €, existindo documento RC núm. 202400203967.

O importe do incremento correspondente ao exercicio 2025 (11.367,08 € - 1 de xaneiro a 31 de maio), imputarase á aplicación, que será no seu caso 25/456.4530.227.00, quedando condicionado o gasto á aprobación do orzamento de dito exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

O gasto a executar é imputable ao capítulo 2 do estado de gastos (gasto corrente) e supón un incremento de gasto computable nos exercicios nos que se leva a cabo a execución do gasto afectando á estabilidade nos mesmos. Asemade, como compromete gasto corrente de exercicios futuros, incide no cálculo da estabilidade e da regra do gasto como maior gasto computable, tendo, en todo caso, a Deputación, solvencia suficiente para afrontalo.

De conformidade co artigo 109.3 da LCSP a empresa deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado.

O órgano competente para a modificación do contrato e autorización e disposición do gasto é o Pleno da Corporación estando delegada dita atribución na Xunta de Goberno por acordo plenario de data 5 de novembro de 2019 (núm. 3.7349), no que delega entre outras, a aprobación das modificacións previstas no prego de condicións. Non obstante, debe ditaminarse previamente o asunto pola Comisión Informativa correspondente.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e do acordo do Pleno da Corporación Provincial número 3.7349, adoptado na súa sesión extraordinaria do día 5 de novembro de 2019, que, por razóns de celeridade, delega na Xunta de Goberno a aprobación das modificacións previstas no prego regulador do presente contrato, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobado a modificación número 8 do contrato de “*Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra. Lote 1: Servizos Centrais*”, subscrito coa empresa Limpiezas Cíes, S.L. (CIF: B36631935), para contemplar o cambio de instalacións do Parque Central de Maquinaria, de Avda. Domingo Fontán, en Pontevedra, ao Polígono de Outeda-Curro (Parcelas B-10 e B-11), no Concello de Barro.



O cambio supón un incremento no prezo mensual do Lote 1 de 2.273,41 euros (1.878,85€, máis 394,56€ correspondentes ao 21% IVE), pasando as novas instalacións do parque de maquinaria a ter o seguinte prezo mensual modificado:

PARQUE MAQUINARIA polígono Barro (modif. 8)	
Prezo mensual (sen IVE)	2.967,00 €
IVE (21%)	623,07 €
Prezo mensual (IVE engadido)	3.590,07 €

TAREFAS A REALIZAR	FRECUENCIAS		
	DIARIO (luns a venres)	SEMANAL	MENSUAL
Barrido e/ou aspirado de pavimentos (segundo proceda polo tipo de chan).	X		
Fregado e/ou mopeado húmido de pavimentos (segundo proceda por tipo de chan).	X		
Limpeza e desempoado xeral do mobiliario (mesas, cadeiras, armarios, andeis, etc.)	X		
Desempoado do material ofimático (computadores, impresoras, fax, etc.)	X		
Limpeza e desinfección de baño con produtos hixiénico-sanitarios.	X		
Limpeza e baleirado de papeleiras	X		
Retirada de lixo e depósito nos contedores autorizados	X		
Subministración e reposición de material hixiénico en servizos e aseos	X		
Limpeza de zonas exteriores		X	
Limpeza de cristais interiores e exteriores			X

2.- Autorizar o gasto por importe de 6.820,23 € con cargo á aplicación 24/456.4530.227.00 do vixente orzamento provincial para atender ás obrigas económicas que deriven da presente modificación no ano 2024 (incremento de gasto no parque de maquinaria para os meses de outubro a decembro).

O importe do incremento correspondente ao exercicio 2025 (11.367,08 € - 1 de xaneiro a 31 de maio), imputarase á aplicación, que será no seu caso 25/456.4530.227.00, quedando condicionado o gasto á aprobación do orzamento de dito exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.



3.- A empresa *Limpiezas Cíes, S.L.* (CIF: B36631935) poderá, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a minorar a garantía definitiva constituída para este contrato ao importe de 53.111,71 euros, para gardar a debida proporción co novo prezo modificado.

4.- Dar conta do acordo á Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na seguinte sesión que celebre.

10.34219.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA *ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L.*, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE “MANTENIMENTO E SOPORTE PARA O EQUIPAMENTO SAI (SISTEMA DE ALIMENTACIÓN ININTERRUMPIDO) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2020005821) (Devogaran 2024063388)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 7 de agosto de 2020 (CSV.- 9N9JT5VJPYENWG4W), adxudicouse o contrato convocado a prestación do servizo de “*Mantenimento e soporte para o equipamento SAI (Sistema de Alimentación Ininterrompido) da Deputación de Pontevedra*”. (Expte. 2020005821).

Para responder da realización deste servizo, a entidade mercantil *Electrónica Noroeste Servicios Generales, S.L.* (B-15123177), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ELECT. NOROESTE SERV. GRAL, S.L. (B-15123177)	4.746,00€	202000130592	28/07/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- U9FC4IKSXRBUJ2TC), no cal sinala que finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida, obsérvase que servizo correspondente non comunicou ningún vicio ou defecto (...), polo que, o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- R2P2SE5CT3PYN1J4), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Electrónica Noroeste Servicios Generales, S.L.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Mantemento e soporte para o equipamento SAI (Sistema de Alimentación Ininterrompido) da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020005821), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *Electrónica Noroeste Servicios Generales, S.L.* (B-15123177), por resultar adxudicataria de dito contrato, que é a seguinte:

- o A constituída en valores, mediante aval de *CRÉDITO Y CAUCIÓN*, por importe de catro mil setecentos corenta e seis euros (4.746,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 28/07/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000130592.

11.34220.- ACEPTACIÓN DE CAMBIO DE OBRADOIRO, RENUNCIAS, E ADXUDICACIÓN DE NOVOS OBRADOIROS, ACTUALIZACIÓN DA LISTA DE OBRADOIROS ADXUDICADOS E DA LISTA DE AGARDA NO PROGRAMA “PROVINCIA ACTIVA” PARA O ANO 2024. (Expte.2023045215)

1º.- No capítulo III da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, desenvólense os principios reitores da actuación da Administración pública galega, en relación coas persoas maiores, entre os que se atopa “promover o seu benestar, a súa autonomía persoal e a súa participación na vida e nas actividades da sociedade”.

2º.- Desde o punto de vista competencial, este programa está dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

3º.- Por outra banda, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establécese que os poderes públicos fomentarán o desenvolvemento de actuacións solidarias destinadas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social, mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos de proporcionar oportunidades e recursos que aseguren a igualdade entre mulleres e homes eposibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como garantir o apoio ás familias como o marco de referencia no que se desenvolven as persoas. No artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade coa previstona normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.



4º.- Neste contexto, a Deputación de Pontevedra co programa “PROVINCIA ACTIVA” asume os principios recollidos na devandita norma e fomenta a participación das persoas maiores en actividades que promoven a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, que permiten impulsar a súa independencia e, deste xeito, evitar o illamento e as situación de soidade non desexadas.

5º.- Por Acordo da Xunta de Goberno número 2.33170, do 17 de novembro de 2023 aprobáronse as Bases Reguladoras do programa PROVINCIA ACTIVA , que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 14, do 19 de xaneiro de 2024.

6º.-En Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de abril de 2024, número 25.33717, aprobouse a relación definitiva das entidades presentadas, das entidades excluídas, das entidades admitidas con obradoiro adxudicado e das entidades admitidas en lista de agarda do Programa “PROVINCIA ACTIVA 2024”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases reguladoras do programa, e que supoñen un total de 130, así como a relación de entidades en lista de agarda un total de 120.

O anuncio de adxudicación publicouse no BOPPO número 84 e na páxina web o martes, 30 de abril de 2024. Os Anexos de obradoiros adxudicados e de entidades en lista de agarda figuran asinados no expediente cos seguintes CSV: 352O20Y2E0P2ZUSE e 3U2P8TLMJUR3K2K3, respectivamente.

3º.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 31 de maio de 2024 acordou aprobar a última renuncia presentada, así coma a modificación das temáticas de tres entidades participantes, en consecuencia procedeuse a actualización das listaxes de adxudicación e de agarda (CSV: L37RZY39QY2T8W83) (CSV: L5EZLBWDJ5CJA6H7).

4º.- Segundo se establece na base cuarta da convocatoria para a execución dos cursos, deberá contarse cun mínimo de quince (15) persoas participantes, polo que tres entidades da lista de entidades adxudicatarias (nº 113, nº 32 e nº 39) presentan renuncia ao programa:

- A ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA, con CIF G94133675 (Expte.2024005426) con data 2 de setembro e nº de rexistro WEB2024055479.
- O CLUB DE PENSIONISTAS SAN PEDRO DE DOMAIO, con CIF G36035996 (Expte.2024013098) con data 6 de setembro e nº de rexistro WEB2024056827.
- A ASOCIACIÓN MOVE NORDIC WALKING, con CIF G56817729 (Expte.2024004585) con data 6 de setembro e nº de rexistro WEB2024056849.

5º.- Dada a existencia de crédito suficiente, propónse adxudicar tres novos obradoiros ás primeiras entidades da lista de agarda (CSV: L5EZLBWDJ5CJA6H7):

- A ASOCIACIÓN DE VECINOS DE LAXEDO, con CIF G94158045 (Expte.2024007164), primeira da lista de agarda mostra interese pola adxudicación do Obradoiro.



- A ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA, con CIF G36035996 (Expte.2024007167), segunda da lista de agarda, presenta renuncia ao programa con data 10 de setembro e nº de rexistro WEB2024057263.
- A ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS LOLITA TRIGO VILANOVA, con CIF G36251254 (Expte.2024007170) presenta renuncia ao programa con data 19 de setembro e nº de rexistro WEB2024060705.
- A ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO, con CIF G36649325 (Expte.2024007181), cuarta da lista de agarda mostra interese pola adxudicación do Obradoiro.
- A ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS A TELLEIRA DE DENA, con CIF G36264828 (Expte.2024007189), quinta da lista de agarda mostra interese pola adxudicación do Obradoiro.

6º.- Por outra banda a entidade CASA CULTURAL ARTISTICA Y DEPORTIVA DE AREAS PUENTEAREAS con CIF G36033371, solicita o día 18 de setembro con nº de rexistro WEB2024059067 un cambio obradoiro de “Risoterapia” por “Habilidades dixitais para uso cotiá” (Expte.2024005398).

7º.- Con data 20 de setembro de 2024, Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme, respecto da proposta da aceptación de cambio de obradoiro renuncias e adxudicación de novos obradoiros.

• **NORMATIVA APLICABLE:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2024.
- Bases do programa Provincia Activa 2024.

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptación das renuncias presentadas por 5 entidades.

- A ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA, con CIF G94133675 (Expte.2024005426)
- O CLUB DE PENSIONISTAS SAN PEDRO DE DOMAIO, con CIF G36035996 (Expte.2024013098)
- A ASOCIACIÓN MOVE NORDIC WALKING, con CIF G56817729 (Expte.2024004585)



- A ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA, con CIF G36035996 (Expte.2024007167)
 - A ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS LOLITA TRIGO VILANOVA, con CIF G36251254 (Expte.2024007170).
2. Aprobación da adxudicación de tres novos obradoiros:
- A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE LAXEDO, con CIF G94158045 (Expte.2024007164).
 - A ASOC DE VECIÑOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO, con CIF G36649325 (Expte.2024007181).
 - A ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS A TELLEIRA DE DENA, con CIF G36264828 (Expte.2024007189)
3. Aprobación dun cambio de obradoiro
- A CASA CULTURAL ARTISTICA Y DEPORTIVA DE AREAS PUENTEAREAS con CIF G36033371, (Expte.2024005398)
4. Actualización da lista de 130 entidades adxudicatarias (CSV: 0HAYD38JGUCMDIO2)
5. Actualización da lista de agarda (CSV: 0ZC5MEU1M2HE4GSX)

12.34221.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte. 2024063941)

Vista a relación de facturas con número 2024063941, que contén 5 facturas e por un importe de 7.273,56 € e con CSV: 7JHG00WL9FW6T7KN, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19/09/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	7.246,76€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	26,80€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	7.273,56€



13.34222.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS RELATIVO AO INVESTIMENTO “REDE DE SANEAMENTO EN O AMEAL E VALSORDO, CALDAS DE REIS”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023, LIÑA 1- ANUALIDADE 2023. (Expte.2023005925)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021.
- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.3.32466, de data 24/03/2023, concedeuse ao Concello de Caldas de Reis, no marco do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2023), polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 336.001,71 € con destino ao financiamento de “Rede de saneamento en O Ameal e Valsordo, Caldas de Reis” (Expte.2023005925), cun orzamento polo mesmo importe.
- En data 05/09/2024, ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación con rexistro núm. WEB2024056495, instancia xenérica do Concello de Caldas de Reis na que solicita a tramitación do proxecto modificado do investimento mencionado no parágrafo anterior.
- O director da obra informa que xurdiron imprevistos durante a execución das obras que fai necesario a modificación do documento técnico.
- A modificación do proxecto non altera a finalidade da subvención nin implica incremento do orzamento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.



Consideracións Xurídicas:**Instrución do expediente**

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Base 20ª do Plan dos Concellos 2022-2023, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 09/09/2024 e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 13/09/2024, que conclúen favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe favorable da Intervención Provincial de data 19/09/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado do investimento denominado “Rede de saneamento en O Ameal e Valsordo, Caldas de Reis” (Expte.2023005925), do *Concello de Caldas de Reis* cun orzamento de 336.001,71€.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 3.32466, do día 24 de marzo de 2023, permanecerá invariable.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Caldas de Reis*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



14.34223.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CONCELLO DE CUNTIS RELATIVO AO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN INTEGRAL DO EDIFICIO DOS ANTIGOS TELÉGRAFOS PARA USO MUNICIPAL”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS. (Expte.2022010865)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021.
- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 4.31824, do 10 de xuño de 2022, concedeuse unha subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023, por importe de 240.007,38 euros ao concello de CUNTIS co obxecto do financiamento do investimento “*Rehabilitación Integral do edificio dos antigos telégrafos para uso municipal*” (Expte. 2022010865), cun orzamento polo mesmo importe.
- En data 19/09/2024 con rexistro WEB2024059232, ten entrada no rexistro da Deputación, instancia do *Concello de Cuntis* na que manifesta a necesidade de modificar o proxecto técnico que figura no expediente, debido á aparición de roca no terreo, que imposibilita, por supoñer un risco para a estabilidade do edificio, a realización da cimentación á cota prevista. Polo que para poder cumprir coas alturas libres mínimas para o desenvolvemento da actividade e manter os niveis de referencia existentes no edificio (acceso/ventás) procedeuse a modificar a composición dos elementos: soleira, forxado intermedio e ascensor. O modificado non supón un incremento no importe inicial do orzamento de 240.007,38 € e non alterar o importe da subvención inicialmente concedida que importa 240.007,38 €.
- O *Concello* achega o proxecto modificado aprobado polo órgano competente, co fin de ser autorizado este modificado por este organismo e poder o *Concello* executar a obra e tramitar a posterior xustificación nos termos previstos.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.
Consideracións Xurídicas

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Base 20ª do Plan Concellos 2022-2023 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e autorizado pola Deputación. Non obstante, só se admitirán a trámite modificados que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.



- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.
- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, entre as cales se atopa, a necesidade de modificar o contrato por circunstancias sobrevidas non previsibles no momento no que tivo lugar a licitación e, sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE excluído.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 25/09/2024 e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 25/09/2024, que conclúen favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe favorable da Intervención Provincial de data 25/09/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado do investimento denominado “*Rehabilitación integral do edificio dos antigos teléfonos para uso municipal*” (Expte.2022010865), do *Concello de Cuntis* cun orzamento de 240.007,38 €.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 4.31824, do 10 de xuño de 2022, permanecerá invariable, excepto nos prazos de execución e xustificación en base a prórroga do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022) publicados no BOPPO núm. 229 de 28 de novembro de 2023.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cuntis*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.34224.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E REXENERACIÓN URBANA NO CENTRO DE BANDEIRA”. (Expte.2024061677)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, con rexistro núm.WEB2024022033, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do *Concello de Silleda* na que solicita o traspaso de 119.400,91 € da liña 1-investmentos a liña 2, con destino ao financiamento de “Gastos de exercicios pechados pendentes de aprobación”, cun orzamento polo mesmo importe.

Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.18.34010, do 05/07/2024, concedeuse ao *Concello de Silleda* unha subvención por importe de 119.400,91 € con destino ao financiamento de “*Gastos de exercicios pechados pendentes de aprobación*” (Expte.2024022423), cun orzamento polo mesmo importe. Por Resolución Presidencial núm. 2024005857, do 15/07/2024, aprobase o anticipo do importe total concedido.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024007384 de data 19/09/2024, iniciase o procedemento de reintegro por importe de 119.400,91 € correspondente o anticipo percibido da subvención “Gastos de exercicios pechados pendentes de aprobación” (Expte.2024022423) Plan + Provincia 2024 liña 2. O *Concello de Silleda*, en data 20/09/2024 procede a devolución de anticipo mediante transferencia bancaria, consta no expediente documento xustificativo.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024007479 de data 24/09/2024, aceptase a desistencia do *Concello de Silleda* á subvención concedida, no marco do Plan + Provincia 2024-liña2, co obxecto do financiamento “*Gastos de exercicios pechados pendentes de aprobación*” (Expte.2024022423) e deixase en dispoñible crédito por importe de 119.400,91 € que se destinará ao financiamento do novo investimento proposto pola entidade municipal.

Neste contexto, en data 04/09/2024, mediante rexistro WEB2024056119, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, dunha petición do *Concello de Silleda* na que solicita, unha subvención, por importe de 119.400,91 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da mobilidade peonil e rexeneración urbana no centro de Bandeira*”, cuxo orzamento ascende 1.053.739,23 €, sinalar que consta no expediente contrato administrativo da obra (número:2023-0009 data:20/12/2023), o prezo do contrato é por un total de 948.259,93 € (IVE incluído), polo que a subvención se solicita sobre un orzamento a prezo de adxudicación, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento a prezo de adxudicación	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas (PROGRAMA DUS 5000)	Fondos propios do Concello
948.259,93 €	119.400,91 €	814.056,05 €	14.802,97 €



En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega a autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (prorrogada) e da Secretaría Xeral de Cultura da Dirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 Liña 1 – Investimentos, que dispón que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar un cambio de destino pola desisten total ou parcial da finalidade subvencionada.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 23/09/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 23/09/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 25/09/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Silleda* (CIF:P3605200I), por cambio de finalidade ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 119.400,91 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da mobilidade peonil e rexeneración urbana no centro de Bandeira*” (Expte.2024061677), cuxo orzamento a prezo de adxudicación do contrato administrativo da obra ascende 948.259,93 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento a prezo de adxudicación	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas (PROGRAMA DUS 5000)	Fondos propios do Concello
948.259,93€	119.400,91€	814.056,05€	14.802,97€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Silleda*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



16.34225.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

17.34226.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

18.34227.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as de horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

